

REGULAMENTO ESTADÍAS CLÍNICAS

GRAO EN ENFERMARÍA

REGULAMENTO DAS ESTADÍAS CLÍNICAS

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

O presente Regulamento pretende dar resposta ao publicado no RD 592/2014 do 11 de xullo, (BOE nº 184, do 30 de xullo) polo que se regulan as prácticas académicas do estudiantado universitario, que deroga as normas anteriores ao respecto (RD 1497/1981 do 19 de xuño 1845/1994 do 9 de setembro que o modifica), e substitúe o RD 1707/2011, de 18 de novembro, que foi pola súa vez anulado pola Sentenza do Tribunal Supremo do 21 de maio do 2013.

A Universidade da Coruña, para alén do marco regulamentario que reflicte a relevancia das prácticas académicas, fomentará a formación integral do estudiantado e a relación coa súa contorna social, económica e cultural, achegando ao estudiantado á realidade profesional futura proporcionándolle as competencias, as habilidades e os coñecementos indispensables para a mellora da súa inserción laboral. Así mesmo, a relación das titulacións coas empresas, institucións e entidades establecidas a través das prácticas debería constituír un xeito de comprobar a formación que recibe o estudiantado e establecer, se fose o caso, as medidas de mellora e de actualización dos programas formativos.

1.- DEFINICIÓN

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa realizada polo alumnado co obxectivo de permitir aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, facilite a súa inserción laboral e fomenten o seu emprendemento.

2.- NATUREZA

No ámbito das administracións públicas, entidades de dereito público e demais organismos públicos, a realización nos mesmos das prácticas académicas externas non poderán ter a consideración de mérito para o acceso á función pública, nin será computada aos efectos de antigüidade o recoñecemento dos servizos previos.

Dada a natureza formativa das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dun posto de traballo.

No caso das prácticas curriculares, de acordo co que está disposto no apartado 8.8c do RD592/2014 o/a alumno/a poderá manter unha relación laboral coa entidade colaboradora, toda vez que así conste no convenio de cooperación educativa.

3.- OBXECTIVOS

A relación de prácticas académicas externas debe acadar os seguintes obxectivos:

- a) Contribuír á formación integral do alumnado complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o alumnado haberá de operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- c) Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas por parte do alumnado.
- d) Facilitar ao alumnado obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade.
- e) Favorecer no alumnado a adquisición dos valores da innovación, creatividade e emprendemento.

4.- RÉXIME XURÍDICO

O marco legal que regula as prácticas externas está definido no que dispón o RD 592/2014 do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario; polo RD 1393/2007 do 29 de outubro que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais; polo disposto no plan de estudos da titulación e polo presente Regulamento.

No de prácticas internacionais serán ademais de aplicación as normas establecidas nos programas e convenios que as ampren, así como as contidas nos regulamentos internos sobre mobilidade internacional.

5.- COBERTURA DE SEGURO

O estudiantado de 2º, 3º e 4º curso, ademais do seguro escolar obrigatorio, deberá suscribir o seguro HAC LUCE ACCIDENTES co complemento SEGURO HAC LUCE PINCHAZOS: Accidentes persoais, seguros colectivos, para a cobertura individualizada de accidentes biolóxicos durante a realización da práctica clínica. <https://www.udc.es/es/sape/seguros/>

6.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación desta norma comprende todas as prácticas clínicas realizadas polo alumnado da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña. Esténdese tamén ás realizadas no estranxeiro a través de programas ou convenios con outras universidades ou institucións, así como as realizadas a través de programas estatais de mobilidade e intercambios universitarios, agás que os devanditos programas, convenios ou regulamentos internos de aplicación establezan outras disposicións.

7.- MODALIDADE

As prácticas académicas externas que se desenvolven neste Centro, son todas prácticas clínicas curriculares que se configuran como materias do Plan de Estudos con carácter obrigatorio, que se realizan en centros sanitarios e/ou sociosanitarios.

O Plan de Estudos consta de sete períodos de Estadías Clínicas e un Prácticum que se organizan en función de tres niveis de formación:

- NIVEL I BÁSICO.

Son estadías clínicas de adaptación ao entorno e de integración dos coñecementos teóricos nunha situación dada. Inclúense neste nivel as Estadías Clínicas I e II que teñen como finalidade:

Identificar e desenvolver determinadas intervencións de enfermaría.

Desenvolver habilidades na realización de técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, mediante metodoloxías de simulación.

Introducir ao alumno na práctica da enfermaría para comprender a función principal e diferenciada da profesión enfermeira.

Integrar os coñecementos teóricos e habilidades adquiridas.

Promover a responsabilidade do estudante como futuro profesional.

- NIVEL II INTERMEDIO.

Estas prácticas corresponden a unha fase intermedia da formación do estudante na que se lle esixe un maior grao de profundidade. Inclúense neste nivel as Estadías Clínicas III, IV,V,VI,VII. Estas estancias teñen como finalidade:

Integrar os coñecementos teóricos e habilidades para comprender, diagnosticar, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación de saúde da persoa e o seu ciclo vital.

- NIVEL III AVANZADO.

O Practicum e unha estadía clínica de intervención integradora e avanzada que ten como finalidade:

Planificar e executar as accións mais eficaces e apropiadas para o coidado de calidade ás persoas nun contexto determinado, incorporando os valores profesionais, o razoamento clínico, o xuízo crítico e a xestión clínica.

8.- DEREITOS E OBRIGAS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS.

Durante a realización das prácticas o alumnado terá os seguintes **dereitos**:

- Á titorización durante o período de duración da práctica correspondente polo/a profesor/a responsable da materia e polo/a profesional da entidade colaboradora.

- Á avaliación, segundo os criterios establecidos pola Escola.
- A desenvolver a súa actividade académica, formativa, de representación e participación.

Durante a realización das prácticas clínicas, o alumnado deberá atender ás seguintes

obrigas:

- Cumprir coa normativa de prácticas clínicas establecidas polo Centro.
- Coñecer e cumprir co proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do/a responsable asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do/a profesor/a da Escola.
- Manter o contacto co/a profesor/a da Escola comunicándolle calquera incidencia que puidese xurdir.
- Incorporarse á entidade colaboradora na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas e o funcionamento, a seguridade e a prevención de riscos laborais da entidade na que realice as prácticas.
- Elaborar a memoria e realizar os informes e a enquisa final das prácticas, segundo o modelo que se estipule e nos prazos que se establezan.
- Gardar a confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar o segredo profesional sobre as súas actividades durante o periodo de práctica e unha vez finalizado este.
- Todos os estudantes deberán asinar o compromiso de confidencialidade (**Anexo I**), no momento da matrícula, según do establecido na Orde SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, pola que se publica o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, pola que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos estudantes e residentes en Ciencias da Saúde.
- Non facer uso dos datos manexados antes, durante e despois das prácticas, agás autorización expresa por parte da entidade colaboradora, e non transmitilos a terceiros.
- Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa coa política da entidade colaboradora, salvaguardando o bo nome do Centro e da Universidade a que pertenza.
- Todos os estudantes que teñan actividades que impliquen contacto habitual con menores, deberán presentar na Escola unha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais antes do comezo das prácticas, de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, e a Lei 45/2015, de voluntariado.

9.- DEREITOS E OBRIGAS DO/A TITOR/A DA INSTITUCIÓN RECEPTORA DO ESTUDANTE EN PRÁCTICAS.

A persoa responsable da titorización da entidade colaboradora terá os seguintes **dereitos**:

- A que se recoñeza a súa actividade de colaboración pola Escola.
- A ser informada da normativa que regula as prácticas clínicas, do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- Ter acceso á información e recibir o apoio necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

A persoa responsable da titorización na entidade colaboradora terá as seguintes **obrigas**:

- Acoller ao alumnado, organizar e orientar a súa actividade de conformidade co proxecto formativo.
- Informar ao alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese relativa á seguridade e aos riscos laborais.
- Coordinar co/a profesor/a da Escola o desenvolvemento das actividades contidas no proxecto formativo.
- Emitir o informe de seguimento e avaliación de prácticas clínicas para cada alumna/o, segundo o procedemento e o modelo establecido pola Escola.
- Proporcionar a formación complementaria que precise a/o alumna/o para realizar as prácticas, incluídas a relativa ás normas internas de seguridade e prevención de riscos laborais e comúns.
- Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
- Gardar, antes, durante e despois das prácticas, a confidencialidade en relación con calquera información que coñeza da/o alumna/o como consecuencia da súa actividade como titor/a.

10.- DEREITOS E OBRIGAS DO/A PROFESOR/A RESPONSABLE DA MATERIA

A persoa responsable da docencia terá os seguintes **dereitos**:

- A que se recoñeza da súa actividade académica segundo o establecido pola Escola.
- A ser informada da normativa que regula as prácticas externas, do proxecto formativo e das condicións baixo as que haberá de desenvolverse.
- Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

O/ profesor/a responsable da docencia terá as seguintes **obrigas**:

- Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do alumnado.
- Realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación co/a titor/a da entidade colaboradora.
- Autorizar, logo da comunicación ao centro e co seu visto e praxe, as modificacións que se poidan propoñer no proxecto formativo.
- Realizar a avaliación das prácticas do/a alumno/a segundo o proceso que se estableza na normativa do Centro.
- Gardar, antes, durante e despois das prácticas, a confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como profesor/a
- Informar ao órgano responsable das prácticas clínicas das posibles incidencias que xurdan.
- Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición de recursos de apoio para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

- Propor a rescisión das prácticas, logo da presentación por escrito dunha xustificación razoada.

11.- DESENVOLVEMENTO

11.1.- Responsabilidades

Xunta de Escola (XE): regular as prácticas externas curriculares da titulación de Grao en Enfermería, para isto aprobará o regulamento elaborado pola Comisión de Estadías Clínicas. Aprobar as propostas do ED en relación á planificación e desenvolvemento da aprendizaxe práctico-clínica das Estadías Clínicas.

Equipo de Dirección (ED): propor a XE a planificación e desenvolvemento das Estadías Clínicas. Coordinar cos directores de enfermería e responsables das unidades e centros asistenciais a implementación dos programas.

Coordinador/a de prácticas: Coordinación e seguimento da actividade práctico-clínica dos diferentes niveis formativos e materias.

Profesor/a Responsable de Calidade (PRC): obter información sobre o desenvolvemento e os resultados dos programas de Estadías Clínicas facilitada pola profesora coordinadora das mesmas.

Comisión de Garantía de Calidade (CGC): analizar a información aportada pola RC e propor as melloras oportunas.

Profesor/a de Estadías Clínicas: revisar os obxectivos da aprendizaxe, valorar os recursos dispoñibles, planificar a actividade práctica, establecer os criterios de seguimento e avaliación, atender as incidencias, cumprimentar o informe de seguimento e avaliación, valorar resultados e elaborar novas propostas á Comisión de Estadías Clínicas.

Comisión de Estadías Clínicas: revisar os obxectivos de aprendizaxe, valorar os recursos dispoñibles, valorar a planificación da actividade práctica, valorar os criterios de seguimento e avaliación, valorar as incidencias, valorar resultados e elaborar novas propostas ao ED.

Titor/a do centro de prácticas:

Acoller aos estudantes, orientar, organizar e coordinar as actividades formativas, cumprimentar o informe de seguimento e avaliación, facilitar e estimular propostas de mellora relacionadas co desenvolvemento do proxecto formativo nos servizos/unidades/centros dos que son responsables.

11.2.- Centros de prácticas clínicas

- Institucións da Xerencia Xestión Integrada de A Coruña: Hospital A Coruña, Hospital Materno Infantil Teresa Herrera, Hospital Marítimo de Oza, Hospital Abente e Lago, Centros

de Saúde da Area Sanitaria A Coruña.

- Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga e Piñeiro

11.3.- Proceso de xestión e seguimento das Estadías Clínicas

As materias de estadías clínicas disporán da guía docente nas mesmas condicións que calquera outra materia, segundo a normativa da Universidade da Coruña.

O proceso de xestión e seguimento das estadías clínicas desenvólvese en catro etapas. No seguinte cadro reflectense as actividades fundamentais de cada etapa.

<p>CONTACTO COS CENTROS E INFORMACIÓN A ESTUDANTES</p> <p>Responsables: Dirección e profesoras/es</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión informativa cos responsables dos centros de prácticas. - Reunión informativa con responsables de enfermaría de unidades, servizos, centros de prácticas. - Presentación da planificación aos centros. - Reunión informativa cos estudantes.
<p>ADXUDICACIÓN DE UNIDADES/SERVIZOS/ CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DO PRÁCTICUM</p> <p>Responsables: Profesoras/es do Practicum</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación da oferta de unidades/servizos e centros de AP. - Asignación de unidades/servizos e centros de AP por estudante.
<p>IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS ESTUDANTES</p> <p>Responsables: Profesoras/es das Estadías Clínicas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación da asignación de unidades/servizos e centros de AP e responsables. - Información do regulamento de Estadías Clínicas. - Recepción dos estudantes nos centros de prácticas. - Informe de seguimento e avaliación. - Reunións de seguimento e avaliación. - Memoria final da materia de Estadías Clínicas (Anexo II).
<p>Responsables: Estudantes que realicen práctica clínica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Memoria final de prácticas clínicas (Anexo III).
<p>AVALIACIÓN DA CALIDADE</p> <p>Responsables: Comisión de Estadías Clínicas Comisión de Garantía de Calidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación do proceso de practicas clínicas e propostas de mellora.

11.4.- Requisitos para a realización das prácticas clínicas.

Estar matriculado nos estudos de Graduado en Enfermaría no curso académico en que se realicen as estadías.

Realizar as prácticas nalgún dos centros, servizos ou unidades ofertados, e no período de tempo establecido.

Realizar as prácticas clínicas nunha unidade ou centro onde non realice actividade asistencial noutra categoría profesional.

Realizar as prácticas clínicas nun centro de saúde que non sexa o seu centro de referencia como usuario.

Realizar as prácticas clínicas nunha unidade ou centro onde non realice a súa actividade asistencial un familiar de 1º, 2º ou 3º grao da alumna/o.

Cumprir cos seguintes prerequisites:

- Estadías Clínicas II: ter superadas Estadías Clínicas I
- Estadías Clínicas III: ter superadas Estadías Clínicas I, II
- Estadías Clínicas IV,V,VI e VII: ter superadas as Estadías I, II, III
- Prácticum: ter superadas as Estadías clínicas I, II, III, IV, V, VI e VII.

11.5.-Solicitud e adxudicación de unidades/servizos e centros de AP para o desenvolvemento do Prácticum.

O Centro publicará a oferta de **unidades/servizos e centros de AP** dispoñibles para a realización do Prácticum e a convocatoria para a súa solicitude.

A adxudicación realizarase de forma presencial, os/as estudantes deberán estar presentes na data, hora e lugar que sexan convocados, de non ser así, a asignación será realizada polo/a profesor/a responsable. Ante unha causa xustificada e sempre que se presente a autorización, a/o estudante poderá delegar noutra persoa a elección.

As/os aspirantes serán chamados por orde de nota media de expediente, en poxa única, para escoller entre as prazas ofertadas vacantes no momento de exercitar a súa opción.

Despois da publicación da asignación provisional, as/os estudantes poderán presentar reclamacións nos 3 días naturais a contar desde a data de publicación, mediante un escrito dirixido ao/á coordinador/a do Practicum e con rexistro de entrada na Secretaría Administrativa do Centro.

11.6.- Criterios de cambio de servizo e quenda.

Os/as profesores/as responsables das Estadías Clínicas elaborarán as listaxes provisionais (lugar, servizo e quenda) que serán publicadas a través da plataforma Moodle. Establecerase un período de revisión no que as/os estudantes poderán solicitar cambios na asignación provisional de xeito motivado.

Pasado o período de revisión, publicaranse as listaxes definitivas.

Os cambios de quenda deberán ser autorizados polo/a profesor/a responsable da materia.

11.7.- Uniformidade e normas de hixiene e prevención.

As/os alumnas/os deberán utilizar o uniforme establecido polo Centro, segundo se contempla no **Anexo IV**.

Non se poderá levar ningún tipo de adorno ou xoia (pulseiras, reloxos, aneis, ...).

As uñas estarán cortas e sen esmalte. O cabelo levarase recollido.

Durante a práctica clínica os estudantes seguirán as normas de hixiene e prevención establecidas no **Anexo V**.

11.8.- Duración e horario.

A realización das prácticas farase de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.

O inicio da práctica clínica comeza coa incorporación do/a alumno/a á entidade colaboradora.

A finalización producirase polas seguintes causas:

- A conclusión do período fixado para o efecto.
- Circunstancias xustificadas que impidan o desenvolvemento das actividades programadas.
- Renuncia expresa da/o alumna/o.
- Perda da condición de alumna/o, segundo o establecido pola universidade.

A xornada será de mañá, tarde ou rotatoria (mañá, tarde e noite), segundo a planificación de cada estada. As/os estudantes disporán de 30 minutos de descanso no centro de practicas, que utilizarán tendo en conta as necesidades da unidade ou centro.

Durante o horario de prácticas clínicas a/o alumna/o non poderá desprazarse a outra unidade, se non é por necesidades do servizo.

11.9.- Asistencia ás prácticas clínicas.

A asistencia a prácticas é obrigatoria na quenda establecida e de xeito ininterrompido. Se por algún motivo xustifico a/o alumna/o non poida asistir ás prácticas, deberá comunicalo o/a profesor/a, á supervisor/a da Unidade ou do Centro de Saúde. Cando non comunique a falta de asistencia, esta será considerada como inxustificada. O responsable da materia será quen adopte as medidas que considerar oportunas.

As faltas xustificadas. Sempre que a programación o permita, recuperaranse ao finalizar o período de prácticas.

As faltas inxustificadas. Tres faltas inxustificadas nas practicas correspondentes a unha

materia, supoñen a non superación das prácticas clínicas na 1ª oportunidade.

Os atrasos. Valoraranse en razón non só do tempo acumulado, senón da cantidade de días que se chegue tarde.

12.- AVALIACIÓN

A avaliación global de cualificación final do/a estudante será realizada polo/a profesor/a responsable das Estadías, segundo os criterios establecidos na guía da materia.

13.- ACCIDENTES.

No caso de **accidente biolóxico**, a/o estudante deberá seguir as directrices do SEGURO HAC LUCE PINCHAZOS: Accidentes persoais, seguros colectivos (complementario HAC LUCE ACCIDENTES): <https://www.udc.es/gl/sape/seguros/>

No caso de accidentes que **NON sexan de risco biolóxico** o alumnado seguirá as directrices segundo o SEGURO CUM LAUDE (HAC LUCE ACCIDENTES): <https://www.udc.es/gl/sape/seguros/>

En todo caso o alumnado porase en contacto coa profesora responsable.

14.- AVALIACIÓN DA CALIDADE DAS ESTADÍAS CLÍNICAS.

A Comisión de Estadías Clínicas e a Comisión de Garantía de Calidade do Centro analizarán os datos de satisfacción dos estudantes sobre o desenvolvemento da práctica clínica para elaborar, de ser o caso, propostas de mellora.

ANEXOS

ANEXO I

Compromiso de confidencialidade destinado a estudantes.

D.....

con DNI/NIF/NIE ten a condición de persoal en formación en réxime de alumnado nas Unidades/Servizos/Centros Sanitarios da Área de Xestión Integrada da Coruña ou no Centro Oncolóxico de Galiza como: Estudante Universitario de Grao Enfermaría.

Declara que,

1. Recoñece que os doentes teñen dereito ó respecto da súa dignidade humana e intimidade e á confidencialidade de toda a información relacionada con seu proceso.
2. Tamén recoñece que os doentes teñen dereito a que se respecte o carácter confidencial dos datos referentes a súa saúde, e a que ninguén poida acceder a eles sen previa autorización.
3. Dacordo co artigo 10 de la Lei Orgánica 15/1999, de 13 do decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, recoñece que ten a obriga de manter segredo respecto á información á que acceda no desenrolo da súa actividade, comprometéndose a prestar o máximo coidado e confidencialidade no manexo e custodia de calquer información/documentación durante o seu período formativo e unha vez rematado o mesmo.
4. Recoñece que non procede transferir, duplicar ou reproducir todo ou parte da información á que teña acceso por mor da súa actividade no Centro, non podendo usar os datos proporcionados polo mesmo para fins diferentes á formación, ou aquelas outras para as que fora autorizado pola dirección do Centro.
5. Coñece e acepta o Protocolo polo cal se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do doente polos estudantes relacionados coas Ciencias da Saúde.
6. Está enterado de que é responsable persoal de acatar o deber de confidencialidade e de que o seu incumprimento pode ter consecuencias penais, disciplinarias ou inclusive civís.

Por todo elo comprométese a que a súa conducta no Centro Sanitario se adecue ó indicado nos apartados anteriores desta declaración responsable, que se suscribe por duplicado,

Na, a de de

Asdo:

Exemplar interesado

Exemplar Centro Sanitario

Exemplar para E.U.Enfermaría

ANEXO II

**MEMORIA FINAL MATERIA DE ESTADÍAS CLÍNICAS DO
PROFESORADO**

MATERIA:
ECTS:
Coordinadora:
Profesor/es:

PERIODOS:
Data de inicio:
Data de finalización:
Nº de rotatorios:
Servizos utilizados:
Enfermeira responsable asistencial:

Nº DE ESTUDANTES QUE PARTICIPAN:
% de participantes:

Nº DE ESTUDANTES QUE SUPERARON A MATERIA:
% de estudantes que superaron a materia

INCIDENCIAS:
Relacionadas cos accidentes:
Relacionadas co desenvolvemento da materia:
Porcentaxe de incidencias graves:
Breve descrición do desenvolvemento da materia e observacións:

MEMORIA FINAL DE PRACTICAS CLÍNICAS DO ESTUDANTE

DATOS DO ESTUDANTE
Nome e apelidos:
Curso académico:
Estadía clínica nº:

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA
Hospital ou Centro de saúde:
Centro/servizo ou unidade de práctica clínica:
Período de realización das prácticas:
Número total de horas:

Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas


Valoración das tarefas desenvolvidas e os coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos

Relación de problemas encontrados e do procedemento seguido para resolvelos

Identificación das melloras que, en materia de aprendizaxe, supuxo a estadía de práctica clínica

Valoración final das prácticas clínicas e suxestións

MODELO DE UNIFORME DE PRÁCTICAS CLÍNICAS



1. Para a realización das prácticas clínicas é obrigatorio utilizar o uniforme establecido polo Centro.
2. Durante a realización das prácticas clínicas é obrigatorio estar identificados segundo o sistema vixente establecido.
3. O uniforme só poderá utilizarse dentro da área de práctica clínica
4. Deberá utilizarse o lugar asignado para o cambio de vestimenta.

CARACTERÍSTICAS DO UNIFORME

Servizos hospitalarios

Casaca e pantalón branco, segundo o modelo
Chaqueta: azul mariño.
Calcetín: branco.
Zapatos: segundo o modelo da Escola.

Centros de Saúde

Bata branca con botóns dianteiros

NORMAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN QUE DEBEN SEGUIR OS ESTUDANTES DURANTE A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS CLÍNICAS

PRECAUCIÓNS ESTÁNDAR (xerais)

As Precaucións estándar (PE) reúnen as medidas fundamentais das anteriormente chamadas 'Precaucións Universais' – deseñadas para reducir o risco de transmisión de patóxenos sanguíneos – e das de illamento de sustancias corporais deseñadas para o illamento de todas as sustancias corporais húmidas e potencialmente infecciosas de todos os pacientes. Son un conxunto de medidas que se deben seguir na atención de todos os pacientes hospitalizados, independentemente do seu estado infeccioso, deseñadas para reducir el risco de transmisión de patóxenos de transmisión sanguínea e outros.

Medidas contempladas nas Precaucións Estándar: Guía de Illamento. CHUJC-v0705 Páxina 6-7 de 32

Lavado de mans.

Utilización de guantes.

Mascaras, protección respiratoria, protección ocular, uso de caretas. Batas e outros elementos de protección.

Equipo para el coidado do paciente.

Lencería e lavandería.

Manexo de enxoval e outros utensilios.

Limpeza de rutina e final da habitación.

Seguindo o sistema de categorización establecido por los "Centres for Disease Control and Prevention" para as categorías de evidencia e grao de recomendación, os niveis establecidos son:

◆ Categoría IA: Altamente recomendadas por todos os hospitais e fortemente baseadas en estudos epidemiolóxicos ou experimentais ben deseñados

◆ Categoría IB: Altamente recomendadas por todos os hospitais e revisadas como efectivas por expertos na materia en base a unha evidencia moi razoables, aínda que non se realizasen estudos científicos definitivos.

◆ Categoría II: Suxírense a súa aplicación en moitos hospitais. As recomendacións incluídas nesta categoría están baseadas ben en estudos epidemiolóxicos ou estudos clínicos de boa calidade aínda que non definitivos, ben nunha formulación teórica moi razoable o ben en estudos definitivos aplicados a algúns, pero non a todos, os hospitais.

◆ Ningunha recomendación; tema non resolto: Son prácticas das cales existe unha evidencia ou consenso insuficiente acerca de súa eficacia.

1.1- Lavado de mans

É a medida mais importante para reducir os riscos de transmisión.

- Debe facerse antes e despois do contacto cos pacientes, sangue, fluídos corporais ou mostras contaminadas, se leven ou non postas os guantes. Categoría IB
- Débense lavar as mans inmediatamente despois de quitarse os guantes no contacto entre pacientes, para evitar a transferencia de microorganismos a outros pacientes ou ao entorno. Categoría IB
- Pode ser necesario entre procedementos no mesmo paciente, para previr a contaminación cruzada entre diferentes localizacións corporais. Categoría IB
- Usarse un xabón líquido, normal (non antimicrobiano) para o lavado rutineiro. O xabón antiséptico utilízase para circunstancias específicas. Categoría IB
- Se as mans non están visiblemente sucias, a utilización dun antiséptico de base alcohólica para descontaminación rutineira das mans é unha alternativa ao lavado de mans. Categoría IB
- Secaranse con toallas desbotables.

1.2- Uso de guantes Categoría IB

Hai que **poñerse** guantes limpos, non necesariamente estériles, no contacto con:

- Sangue, fluídos corporais, secrecións, excretas., - Material contaminado.- Antes de tocar unha membrana mucosa ou a pel non intacta.
- Hai que **cambiarse os guantes** entre contactos con diferentes pacientes. Así mesmo, cambiaranse entre accións e procedementos sobre o mesmo paciente tras contactar con material que puidera conter unha alta concentración de microorganismos.
- Hai que **quitarse os guantes inmediatamente despois do seu uso e lavarse as mans** antes de tocar material non contaminado e superficies ambientais e antes de atender a outro paciente, xa que os pequenos defectos dos guantes ou unha inapropiada eliminación poden contaminar as mans.

1.3- Mascar, protección respiratoria, ocular e facial. Categoría IB

- Hai que colocarse mascar, protector ocular ou careta, ben axustados a superficie facial, para protexer as membranas mucosas dos ollos, nariz ou boca **durante os procedementos e actividades** do coidado do paciente que **poidan xerar salpicaduras ou nebulizacións** de sangue, fluídos corporais, secrecións e excrecións.

1.4.- Batas ou outros elementos de barreira Categoría IB

- As batas utilízanse para previr a contaminación da roupa e protexer a pel do persoal das exposicións a sangue e fluídos corporais. Tamén durante o coidado de pacientes con microorganismos epidemioloxicamente importantes, para reducir a transmisión de estes. As botas ou calzas protexen cando hai salpicaduras de material infectado. Débense usar se existe a posibilidade de que isto ocorra.
- A bata pode ser utilizada para cubrir adecuadamente as lesións cutáneas e drenaxes do paciente, durante os traslados.
- Usarase bata limpa, non estéril, durante o coidado de pacientes nos que se poidan **xerar salpicaduras, nebulizacións** de sangue, fluídos corporais, secrecións e excrecións.
- Débese seleccionar a bata adecuada para cada tipo de actividade e para a cantidade de fluído que poida xerarse.
- Hai que **cambiarse** a bata manchada, tan **rapidamente** como sea posible.

1.5.- Equipo para o coidado do paciente Categoría IB

- Hai que manexar o equipo usado (manchado con sangue, fluídos corporais, secrecións e excrecións) de forma que se preveña o contacto coa pel, mucosas e roupa para evitar a transferencia dos microorganismos a outros pacientes ou ao entorno.
- Os **obxectos cortantes ou punzantes colocanse en contedores** resistentes a pinchazos, **que deben estar situados tan cerca como sexa posible** do lugar de utilización. O resto de utensilios deben segregarse segundo a normativa de residuos vixente.
- O equipo desbotable transportase de forma que reduzamos o risco de transmisión.
- O material reutilizable deberá procesarse en función do seu nivel de risco: os de coidados críticos limpanse e esterilizan ou desinfectarán mentres que o material de coidados non críticos (fundamentalmente o que toca a pel intacta), limpanse e desinfectan.
- Hai que **ter coidado ao limpar os instrumentos ao eliminalos** despois dos procedementos, para evitar as feridas do persoal con agullas, bisturís ou instrumentos cortantes. Recordar que **nunca deben reencapucharse as agullas usadas**, nin manipularse usando ambas mans ou dirixíndoas a calquera parte do corpo. Non quitar as agullas usadas da xiringa coa man e nunca se deben dobrar, romper ou manipular.
- Usar mascar de resucitación (ambú ou similares), como alternativa ao boca a boca nas áreas onde se prevea a súa necesidade.

1.6.- Lencería e lavandería Categoría IB

- Manexar, transportar e procesar a lencería usada manchada, de forma que protexamos a pel e membranas mucosas de exposicións e contaminación a partir da roupa e que se evite a transmisión de microorganismos a outros pacientes e ao entorno.
- Recomendase o almacenaxe e procesado da lencería tanto limpa como usada como medidas hixiénicas e sentido común (consultar normas específicas).
- Non é necesario utilizar bolsa de diferente cor para a roupa dos pacientes en illamento.
- Cerrar convenientemente a bolsa antes do seu transporte, evitando o seu arrastre.

1.7.- Enxoval Categoría IB

- Non se necesita ningunha precaución especial. A auga quente e os deterxentes usados nos lavalouzas do hospital son suficientes.

1.8- Limpeza de rutina e limpeza final da habitación.

- En xeral aplícanse o mesmo tipo de medidas para todos os pacientes, excepto a concentración do desinfectante a utilizar no procedemento. Este aspecto xunto co protocolo de actuacións queda recollido no documento do centro sobre limpeza